

## MEMORIA-INFORME PARA TRAMITAR UN CONVENIO ENTRE A AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E O INSTITUTO DE ESTADÍSTICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CON FINS ESTADÍSTICOS

Ref.: 20TX/mmo  
Expt.: 2021/ NG5

### ANTECEDENTES E RAZÓNS DE OPORTUNIDADE

A Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e o Instituto Galego de Estatística (IGE), no marco de colaboración mutua que debe presidir as relacións entre administracións públicas, consideran oportuno establecer e manter un sistema que regule o subministro estable e periódico de información entre ambos.

En concreto, o IGE, para elaborar as estatísticas que se lle encomendan no Plan Galego de Estatística 2017-2021, aprobado por Lei 15/2016, do 28 de xullo, precisa dispor da información relativa ás operacións de intercambio de bens entre España e outros países, da que é depositaria a AEAT, por ter atribuída a competencia para executar e difundir as estatísticas de comercio intracomunitario e de comercio exterior con terceiros países.

Polo exposto, parece conveniente subscribir un convenio entre ambas entidades.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Que dentro da Secretaría Xeral, o Servizo Técnico Xurídico e de Contratación, segundo o Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do IGE, asume o impulso e a tramitación administrativa do expediente.
- Que se debe solicitar á Asesoría Xurídica da Consellería de Facenda e Administración Pública un informe previo sobre o proxecto deste convenio entre a AEAT e o IGE.
- Que, ao se tratar dun convenio sen achega ou obriga económica algunha, non se considera necesaria a súa fiscalización pola Intervención xeral ou delegada.



- Que é aplicable o establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, que conforman o capítulo VI “Dos convenios” dentro do título preliminar.
- Que tamén é aplicable o establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios que celebre a Xunta de Galicia, organismos autónomos e entes de dereito público dependentes dela, con outras administracións ou entes de dereito público ou privado, polo que se remitirá copia compulsada do texto do convenio.

A xefa do Servizo Técnico Xurídico  
e de Contratación  
Mónica Martínez Otero

Visto e prace  
A secretaria Xeral  
Rosa E. Fernández González

